

RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ REXO NAZONALISTA, DE FIRME LEALDADE Á TERRA

M. BEIRAS GARCÍA



Pídenme unhas cuartillas adrede da figura —xa histórica— do irmán Ramón Martínez López, iste rexo nazonalista que pechou a súa vida, aínda ilusionada, despois dun azaroso e longo exilio. Mas eu prefiro falar do meu amigo e compañeiro da mocidade (tres anos menos seis días máis mozo el ca min) porque eu tiveño como mestre ou preceptor, tal que Filgueira, Fraguas, Bouza Brey, e bastantes máis que sería longo enumerar, ós que debo este precioso —eu diría que glorioso— don de sentir á miña Terra confundida co meu propio ser, fillo dunha Galicia que se sentía ascaballada naqueles tempos e que, para nós, diante das esperanzas e promesas que recibiamos, ou coidabamos estaban a facerse realidade, seguimos, na nosa vellice, a nos sentir doctrosamente defraudados; e non pola actitude e vocación política —nazonalista dos novos— senón pola falla de xenerosidade e largueza, de solidariedade e irmandade das xeneracións intermedias, as que colleron o relevo dos que o **diran todo** pola Patrizia galega, ou que o foron dando ó longo dos seus anos de exilio exterior, ¡ou mesmo interior!

De Moncho é de quen eu quixera falar eiqui; ter un lampo de luz, nestes intreos, que alumeara a miña memoria, cando estou alíto e teño no meu maxin mesturados, revoltos, todos aqueles vivos recordos da mocidade, fermosa, inequida, formativa nos pequenos ou grandes saberes, no ideal a prol da terra, onde apousei as miñas querencias, contaxiado por aquela irmandade aberta, xa que eu non era un universitario, aínda que si vocacional e sentimentalmente vencellado a aquel entrañábel grupo, fundador do Seminario de Estudos Galegos —que se abriu a Galicia como un ceo esperanzador nas distintas facetas da nosa cultura, basamento da nosa personalidade.

Naquel ilustrado grupo de universitarios, aínda sin eu selo máis que vocacionalmente, e actuando de "pegote", tíñame asinado un traballo de bastante responsabilidade, que me enchía de orgullo; ter man do cabo da cita métrica, cando andabamos a medir castros ou recoiler, non meu bloco, lëndas, (case sempre andaban historias de mourois por meio), dados, refráns, e mesmo casos de creación oral noua en galego. Aínda lembro, como si fora onte, do caso do vellóno aquel, apoiado no seu legón, na touza aquela de Chalaín, que citou a "**voadora**", ó se referir á avioneta do aviador de Pómeu cando viñera a aterrizar a Boisaca (alá polos primeiros anos vinte, debeu ser).

¡Que festa!, ¡que achádégol —Tomade nota, tomade nota; como se está a facer idioma cada día. A nosa lingua inda está viva. Aínda espernexa.

Ou cando empezabamos a argallar o "Día de Galicia" e nos repartíabamos o traballo de visitar pisos para que puxeran colgadura coa bandeira de Galicia, ou convidar a señorías a que levaran ramos de flores ó momento a Rosalía, na Ferradura; entón ¡eu era delele conqueir

das orquestras dos cafés: "Español", "Colón", "Derby", etc. que interpretaran algunhas obras de música galega, e por final que tocaran o noso Himno.

Acórdome dos apuros —aínda que simpáticos— de Violinista Corvino, (primeiro violín da Filarmónica nacional), que cumpriu abundantemente a súa palabra.

Por certo, lembro que esta misión, que me tocou a min no Café Español tivo bastante éxito, mas non puíden disfrutalo de todo, porque ó ir mesa por mesa, convidando ós xogadores de dominó a que participaran, atópome cunha mesa onde dos catro xogadores de "garafina", ou algo así, un deles con cara de vinagre, o chapauso botado cara adiante, ó convidado a se descubrir e póse de pé...

—¿Porqué?

—Señor, porque están tocando o Himno galego.

—Y a mí ¿que? ¿Quién es usted?

—Yo soy el representante de la Comisión Organizadora del "Día de Galicia" —díxen un pouco empolado, por me dar pisto.

—Aaah sí?, pues yo soy el Delegado Gubernativo, o sea Jefe local de la Policía. ¿Algo más?

Xa nin din resposta. Sain disparado, con moito disimulo, eso si, porta pra fora do "Español" e aínda que, un pouco nervioso, custoume traballo; porque eran desas portas que daban voltas como o torno das monxas.

Mas con Moncho, Filgueira, Luigrís, un tal Sampedro —coído que era e algúns máis que non lembro, entre eles un fillo de Bernat, quen estudaba Dereito i era moi baixiño —é dicir tiña pernas curtas— aínda que fixemos outro aduanada esa noite— do "Día de Galicia".

"SEGUIMOS A NOS SENTIR DEFRUADOS, NON POLA ACTITUDE NAZONALISTA DOS NOVOS, SENON POLA FALLA DE XENEROSIDADE DAS XENERACIONES INTERMEDIAS"

Amofábanos moito que no recheo do basamento da estatua de Rosalía, plantaran en cada esquina unha palmeira. Isto era para nós unha exéxia.

Alá nos fumos, pola noite, preparados de corda, cordel e pito, dividímonos en dúas brigadas: unha arriba onde o movemento; outra abaixo disposta a tirar da corda que, previamente, atada ó pé da palmeira, lanzaríamós ós de abaixo —no campo de Don Mendo— para que tiraran dela e a arrincar. Cando íamos na terceira, sentímonos pasosos; físganos; eran os "romanceos" ou policías. Pitamos tres veces, que era a consigna, e botamos a correr os de arriba, cara ó Pilar.

Cando dímos chegado ó Pilar, os máis, xa Filgueira a grandes alicances, tanto como dabán as súas longas pernas, estaba camiño do Hotel Compostela.

E, o bon de Banet, veña a berarr, acordando: ¡Non corrares, non corrares que é pior!

O labor, como veredes non era importante, mas para nós era unha fazaña sería que soementes se viu despois na "resistencia", que se coñeceu máis tarde na Guerra Europea.

Máis adiante, ó se formar o Partido Galeguista e vir Anxel Casal para Santiago a montar a

Imprenta NÓS, xa comenzan as tertulias neste obradoiro, ó mesmo tempo que se veñen facendo no Español e no Derby.

O Moncho non era rigorosamente asiduo, mas con Paco del Riego, Sebastián González, López Durá, Seoane e algúns máis que non lembro nestes intreos, poucas veces faltaba, especialmente cando pasaban por Santiago, e polo tanto pola imprenta NÓS, xa nas hortas, de primeiras, ou na Rúa do Vilar despois, ben Castelo, o Risco, Don Ramón e outros máis.

Por certo, nunha destas na que estaba Castelo, xurdiu unha anécdota, que nos serviu de lección.

Falando algún de nós, os mozos, da xenreira da xente da cidade contra do rural, porque dicían que vivían "porcamente", Anxel Casal con esa candura sua —porque era un "bendito de Dios" propio do seu nome,— saíu en defensa dos nosos paisanos, dicindo:

—E fan ben, teñen dereito a andar como lles paze. Son libres, ningún lle-lo pode impedir. Respósta: Castelo.

—Non, Anxel, non: libres si, dínos tamén de maior respecto e axuda, mas se queremos axudalos temos que loitar para que "poidan" seren limpos, e a seos dos todos, porque moitos xa o son, aínda que nas nosas aldeas teñan que se lavar como os gatos; hai que facellos ¡cultos, libros e limpos! Casal!

En chegada a República, o Partido Galeguista, aínda novo (que se chamou así por prudencia política ante o povo, xa que Valentín Paz Andrade tiña proposto, xa daquela, chama-lo "Nazonalista"), mais coas súas doutrinas arraizadas e espalladas polo grupo NÓS, tivo un protagonismo moi destacado, máis que polo número, ¡case sempre! (algún dixu, non sei se foi Del Riego, adrede dos poemas de Pondal que "universalidade non ten nada que ver con cantidade", ou algo así) polo contido e forza dos seus postulados, da súa doutrina, que foi a que sobreviviu, máis ou menos axustada, mais ou menos aceptada e practicada. Aínda que o espírito dos fundadores, desde os homes de NÓS —sen "precinto de seguridade"— de dereitas ou de esquerdas, sinxelamente **nazonalistas**, ¡sen máis!

Algo desto nos descubre —e todolos galegos deberían sabelo— Raf Carballo, no seu libro "Mito e realidade da Terra Nal" que compre ter sempre a man, para refrescar e fortalecer as nosas conviccións, cando tantas desercións, tranfugismos políticos, sin contido "ideal" se están a producir.

O Seminario de Estudos Galegos foi na súa creación o acontecemento cultural **je político**, de máis transcendencia neste século.

O noso Ramón Martínez López, foi un dos compoñentes da súa semente, daquela memorable, histórica, brillante equipa de estudiosos da nosa cultura, da nosa historia, da nosa etnia; recordadores da nosa lingua, agardiados por grandes literatos —especialmente poetas de transcendencia universal— que a tiran recollido de viva voz do

noso pobo ou, en parte, do herdo escrito dos nosos devanceiros que; tan ben e extensamente nos ensinaron. Outro irmán egrexio, inesquecible, Xesús Ferro Couselo, ¡e debemos permanentemente agradeceremento pola súa labouira neste eido.

Naquel tempo de iniciación do S.E.G. o sempre por min lembrado, Dr. Cotarelo Valledor, mestre e catedrático —coído que o primeiro— da Facultade de Filosofía e Letras da nosa Universidade de Santiago, soupo arrodearse dun conxunto de mozos estudiosos da nosa cultura, como exdexamais se recorda, especialmente no sector lingüístico.

O Dr. Cotarelo dexou unha fonda pegada nos que éramos mozos naquel tempo, e fixonos gorentar a ledicia da escrita en galego, aínda ós non universitarios. Eu na miña inocencia teño por un recreador da lingua, que pode ou non gostar hoxe mas que, para a nosa xeneración, ten un engado, como pode ser o de "Lubicán" —que marcou os nosos primeiros pasos, estreado no 1924. En "Lubicán" recordarei sempre, tal que si fose onte, a participación, na súa estraa no Salón Teatro, de Bouza Brey —Tío Cristobal—, Xoás Teixeiro —Lubicán—, Xoán Xesús González —Lorcho— de Ramón Martínez López, no papel de —Mozo—.

O teatro de Cotarelo foi unha a modo de explosión da afección á lingua galega escrita, naquel tempo.

A Ramón Martínez López predeulle a afección, nesta disciplina, xun deito irrenunciábel rematou cos demais compañeiros, desta promoción, a carreira de Filosofía e Letras —que sería a súa dedicación futura—, aínda tendo feita a carreira e Doutorado de Dereito, o mesmo que algúns máis do seu tempo.

A Historia foi outra das debilidades ou querencias de Martínez López, que o levaron a entablar relacións mois estreitas con Albornoz e con Américo Castro, do que foi discípulo. Foi, por este motivo, testigo de excepción da pugna entre ambos dous historiadores. Non sei ata que punto, rigorosamente relacionado con aquela situación, de aparencias contradictorias, mas non moi pouco que temos falado lixeiramente, relacionado con estes personaxes, cando estaba a preparar algún dos seus envíos de libros para a Fundación Penzol, entendílle que tiña "algo pechado e lacrado, que non mando a ningún sitio, e que non se poderá abrir ata ter transcudidos vintecincos anos do meu pasamento".

Da súa labouira no S.E.G. pouco ou nada pode eu dicir, pois non pasei de ser un feliz advenedizo que viveu as inquedanzas históricas daquela entrañábel institución cultural auténticamente galega, inda que segue esborallada clinicamente polo chamado "movimento nacional", unha vez fusilada a IP República española, aínda que xa, ó presentirse a chegada desta, estudou e propuxo un proxecto de Estatuto Autonómico ós republicanos galegos, no 6 de maio de 1931, poucos días despois de

(pasa á páxina 19)

CONVOCATORIAS

O Humor na escola
Convócase este concurso promovido polo Museo de Humor do Concello de Fene e que se rexerá polas seguintes bases:
1.- O concurso xirará sobre o humor nas súas vertentes oral, gráfica e literaria.
2.- Podrán participar todos os interesados, de calquera idade, sempre que usen nos seus traballos a lingua galega, se ben na vertente gráfica poderán presentarse traballos sen texto de ningunha caste.
3.- Tanto os traballos literarios como os gráficos terán que ser inéditos.
4.- No concurso literario poderá usarse a prosa e o verso; a extensión terá que ser de dous folios como máximo e seis como máximo, mecanografiados a dous espazos e por unha soa cara. Haberá que presentar tres copias clariñas de cada traballo e o orixinal do mesmo.
5.- Na vertente gráfica poderá usarse calquera técnica; branco e negro ou color, unha ou varias viñetas. Os traballos

deberán presentarse sobre cartolina, establecéndose como dimensións mínimas 21 x 21 cms. Os traballos terán que ser orixinais, non se admitirán nin fotocopias nin fotografías dos orixinais. Os traballos presentados a concurso expoñerá nos locais do Museo de Humor. O Xurado poderá elixir unha selección previa dos traballos a expoñer.
6.- Na vertente oral, os concursantes deberán gravar nunha casete catro contos, sen que a duración total dos mesmos poida exceder os 15 minutos.
7.- Os concursantes terán que contallos montos que presentarán a concurso nos actos que se programen con motivo das Xornadas do Humor. O incumprimento deste punto presupon a exclusión do concurso. Tamén nesta vertente o Xurado poderá efectuar unha selección previa.
7.- Os traballos deberán remitirse, antes das 14,00 do día 16 de Novembro, á seguinte enderezo:
Museo do Humor

(Referencia "Premio Curuxa")
Casa do Concello, 3º andar
15500 Fene (A Coruña)
8.- Os traballos presentaranse baixo letra, indicándose no sobre que conteña o nome do autor o seu enderezo, D.N.I. e teléfono para unha pronta localización, así como un breve currículo.
9.- Os traballos presentados a concurso, salvo expresa indicación dos concursantes, pasarán a formar parte dos fondos do Museo, figurando unha selección dos mesmos nos seus locais, mostras itinerantes e publicacións que periodicamente se veñen realizando. O Museo comprométese a que a continuación das obras utilizadas figure sempre o nome do autor.
10.- Haberá un único premio por cada unha das vertentes oral, gráfica e literaria que consistirá en 100.000 pes. e na entrega da Curuxa do Humor (deseñada por Francisco Xosé Pérez Porto e doada por Xerónimas do Castro) e a publicación das obras premiadas.

Ramón Martínez López (ven da páxina 15)

ter derrubado a monarquía. No seu primeiro artigo dicía: "Galicia é un estado libre dentro da República Federal Española". Foi o primeiro proxecto estatutario español cara o dereito de iniciativa, conforme as boas normas do federalismo.

O mesmo tempo a "sección de ciencias sociais, políticas e económicas" do Seminario presentou a pública consideración, como anexo do proxecto, estatutista, un estudo da cuestión económica-social, formulado por Bóveda, no que se demostraba, con números irrefutables, que o texime de autonomía integral era conveniente para Galiza e que non perjudicaba os demais povos de España" (S. En Galiza-Castellao).

Ben é certo que vistas as garantías da "Autonomía" actual, gobernada preferentemente por partidos estamentais, semella non ser tal, mas tamén é certo que os principios e honestidade política do nazionalismo, está aínda por ver, non tivo aínda presenza maioritaria para favorecer un goberno autonómico fornecido pola autenticidade.

Por aquí, en xuntanza con compañeiros do seu tempo —alguns aínda vivos— andou a actividade, a colaboración, os apañados debates de Ramón que aínda agora, matina —xa nas portas da morte— poder encarecer cara unha alianza galeguista-nazionalista, pensando por riba de cuestións programáticas específicas que ambos dous conviriamos en chamar "secundarias" ou "específicas" subordinadas a unha auténtica unidade —ou "Alianza" — nazionalista, con

peso específico na gobernação da "parcela" autonómica de Galicia.

Nos derradeiros días, Ramón Martínez López, co seu xeito de nos ollar, diciános todo o que el sentía, "irmáns cheguo a hora de me retirar fisicamente, mais o meu espírito queda con vos, para vos animar na loita que se avexa por unha auténtica e recuperada irmandade, por esa solidariedade que aínda non cheguo, mas estade certos que ha vir, porque a xente nova ven con outra mentalidade, limpa de prexulios individualistas xa superados, limpa de cobizos personalistas con fama de protagonistas que tanto dana a nosa unidade fronte o nemigo común os partidos estamentais".

Queira Deus que o pensamento do noso Moncho se faga realidade, tal como nos outros tamén degoramos e a nosa Galicia merece. □

Un disco sobre Celso (ven da páxina 17)

mais, un corte coa voz do propio Celso Emilio Ferreiro que, ao comezo do disco, recita un poema seu en gravación cedida pola súa dona Moraima. Despois diso, xa son os músicos da Galiza (tantas veces

postos en entredito, pero que, despois súa calidade), os que toman a iniciativa e a música para falarnos, con e desde Celso, do seu mundo poético. No traballo participan xentes consagradas xa no mundo da música galega, como Alecrin, Brath (que recupera no seu tema a voz de Pilochá), Jer Nogueira,

Luar na Lobre, María Manuela, Na Lúa, Saribas, ou Suso Vaamonde. Precusamente, o tema de Suso Vaamonde, titulado "O mozo Daniel", ten unha relevancia especial no contexto do disco, xa que é o único poema inédito que se incluíu no disco. Segundo nos contaba Suso Vaamonde, el atopou o traballo

de Celso nunha revista de Caracas, e gardouna. Logo, no cárcere (ou como el di, no "Hotel Bekas"), púxolle a música que agora todos podemos disfrutar. A canción é unha completa fermosura, unha verdadeira xoa musical. Polo demais, dicir que se nos ofrecen musicados, os poemas máis tradi-

cionais e mellor coñecidos de Celso Emilio. Así, o grupo "Arco da Vella" ponlle música a "Modestia Fóra", Cesar del Cano fai o propio con "Neno orfo con cabulos o fondo", "Na Lúa", con "Septimo Vómito", etc. Logo aparecen novas versións de temas xa moi musicados e coñecidos. Así, temos unha versión do

grupo Taranis, do poema (exemplo palmario e definitivo do Celso Emilio máis "civil") "Goethe", e logo, X.M. Eiris, ponlle música, máis unha vez, a coñecida "María Solina". En definitiva, trátase dun dobre disco esperanzador. Non en vano Celso Emilio Ferreiro era o poeta da esperanza. □

Cárceles 1979-89 (ven da páxina 20)

versom cotexada e aumentada do positivismo lombrosiano introducido polo regimén de Mussolini na reforma do Código Penal Italiano; ... de métodos especiais de represión e de ocupación segundo os individuos singulares, como usa o médico que prescreve normas dietéticas e terapéuticas segundo os diversos doentes" (1876). Conceptos utilizados, na práctica, para funcións tais como a distribución carceraria dos presos/as (concentra-

com-segregaçom) intra ou extra-institucional cum máximo de eficacia represiva (física, psicológica e política). O saber e a tecnoloxía das ciencias da conduta humana como métodos de mixturaçom da represom, som aplicadas no cárcere dum jeito abertante "diagnóstico" dirixido a determinar a existencia de "personalidade criminal", "clasificaçom nosológica" segundo criterios de perigosidade, "tratamento" como método persuasivo e de modificación de atitudes para a colabora-

çom disciplinada dos/as presos/as, a "reintegrçom social" reconvertida (para os presos independentistas) nunha imposiçom legal cuja condiçom, "sine qua nom", será a destruçom de súa identidade personal, ética, ideológica, social e política en tanto en quanto supom non só a renuncia pessoal ao enfrentamento directo contra o Poder do Estado senom a "colaboraçom activa" contra a súa propia organizaçom. Este proceder legal coactivo, empregado en Italia por vez primeira e coñecido como "via do arrepentimento"

(Art. 4 da Lei Cosciga do 15/2/80, n15) está hoxe vigente no Estado español (Art. 6:1b-2 e 3 da Lei Orgánica contra a actuación de bandas armadas e elementos terroristas do 26/12/84). A negativa do preso a prestarse a delaçom que se lle exige conleva a posta en práctica da auténtica "política de reintegrçom" do ARE, a aplicación do punçom engadido ou a súa segregaçom carceraria polas prisoas do Estado, práctica coñecida desde as experiencias dos campos de concentraçom nazis e da política inglesa de

"segregaçom carceraria" (The Radzinowicz report 1968) na cal os niveis de clasificaçom e anomia chegan a tal nivel que se pode calificar como método psicológico de tortura política. O meio penitenciario transformase em caixa de ressonancia social das contradicçom do poder do Estado e espæcio de debate e luta política, (que transpõde as reivindicaçom puramente reformistas). Põm ao descuberto que a "razom de Estado", ao final, sempre é dialéctica e violenta. A represom carceraria repres-

sente ademais un novo e estrepitoso fracaso do Poder do Estado, a pesar da enorme cantidade de meios que controla no seu A1, para reproducir as condiçom ideológicas da colonizaçom nos colectivos de presos/as independentistas e máis para captar ideoloxicamente ao corpo social. P.S.: As actuacións punitivas adicionais a pena de privaçom de liberdade estam providas polas Reglas Mínimas Internacionais para o tratamento dos Reclusos (ONU-1955 e Consello de Europa 1973). □

DICCIONARIOS



Diccionario Xerais da Lingua.



Diccionario Básico da Lingua Galega.



Pequeno Diccionario Xerais da Lingua.

En preparación:

- * DICCIONARIO XERAIS Castelán/Galego Sinónimos, modismos, usos, etc.
* DICCIONARIO GALEGO/CASTELÁN CASTELÁN/GALEGO
* DICCIONARIO ONOMÁSTICO



Novidade



somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

República
Praza do Libro El Salvador, 9
Tel. 26 63 77 Tel. 56 58 12
A CORUÑA SANTIAGO

CHAME AO TLF. (986) 43 36 24 E SOLICITE AS NOSAS TARIFAS PUBLICITARIAS

A NOSA TERRA PERIÓDICO GALEGO SEMANAL